

# A VIOLENCIA DE XÉNERO ESTÁ Ó NOSO CARÓN

**TI TAMÉN PODES PONERLLE REMEDIO**

## I XORNADA “NOVOS RETOS DA XUSTIZA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”



**15 DE NOVIEMBRE, VENRES, AS 17 HORAS NO SEXTO**

**EDIFICIO DO MUSEO DE PONTEVEDRA.**

**Rúa Padre Amoeiro nº 3 - Pontevedra**

**#CSIFnonViolencia**

## NOVOS RETOS DA XUSTIZA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

A violencia machista e os malos tratos formaron parte da vida cotiá de moitas mulleres ao longo do tempo; Mais esta violencia estaba normalizada e naturalizada, co que non tiña recoñecemento como tal, o que provocaba a súa invisibilidade e ocultamento. Grazas aos movementos de mulleres que no noso país a partir dos anos setenta comezaron a desenvolver de xeito colectivo e organizado accións en contra da violencia, esta comezou a ser percibida e a ter un certo impacto social. Como consecuencia destas accións os organismos públicos tomaron conciencia da difícil situación na que se atopaban moitas mulleres e, por medio de diversas declaracións, deron visibilidade a unha eiva social agachada ata ese momento na privacidade dos fogares.

As leis estatais e autonómicas amparan o dereito á asistencia social integral; A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece un marco normativo propio e completo nesta materia que fai da prevención o pilar básico da acción administrativa que facilite un axeitado apoio á loita social contra a violencia de xénero.

Pero as leis, aínda que fundamentais, non son suficientes en si mesmas; os seres humanos vivimos un proceso constante de socialización, de aí a importancia que cobra a sensibilización sobre a violencia de xénero como un elemento que promova cambios de valores e actitudes no conxunto da sociedade, así como a formación das e dos profesionais que traballan directa ou indirectamente con mulleres que poden estar en situación de sufrida.

Vivimos nunha sociedade na que ensinamos ás rapazas e ás mulleres a defenderse da violencia de xénero en lugar de ensinar aos homes a non maltratar. A violencia de xénero é un problema de toda a cidadanía, e rematar coa violencia é responsabilidade de toda a sociedade, tanto das mulleres coma dos homes. Mirar cara outro lado e non educar en igualdade a través de bos modelos de convivencia, fainos cómplices desta inxustiza.

O 25 de novembro Día internacional contra a Violencia de Xénero, é un día para facer conciencia conciencia sobre un implacable inimigo social que ataca a millóns de mulleres en todo o mundo. Dende o sindicato CSIF creemos que temos que seguir permanecendo firmes cara a loita contra todo tipo de discriminación e particularmente na loita contra a violencia de xénero. **CSIF contra a violencia de xénero.**

**Eduardo Rejo Portela**  
Presidente de CSIF Pontevedra

## TI TAMÉN PODES PONERLLE REMEDIO...

### PROGRAMA

#### 17:00 H. INAUGURACIÓN

**DNA. SUSANA LÓPEZ ABELLA**, Secretaria Xeral de Igualdade

**D. RAFAEL LOUZÁN ABAL**, Presidente da Deputación de Pontevedra

**D. JOSÉ FRANCISCO MÉNDEZ CASTRO**, Presidente de CSIF Galicia

**DNA. Mª PAZ PÉREZ ASOREY**, Responsable da Unidade contra a Violencia da Subdelegación de Goberno de Pontevedra

#### 17:15 H. PRESENTACIÓN

**D. MANUEL ALMENAR BELENGUER**, Vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial

#### 17:30 H. MESA DE DEBATE:

**ACTUACIÓN XURÍDICAS EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO E RETOS DE FUTURO**

**DNA. ROSALINA CARRERA COTADO**, Fiscal de Violencia de Xénero

**D. MIGUEL ARAMBURU GARCÍA-PINTOS**, Xuíz Titular de Penal 4 de Pontevedra

**DNA. CARMEN NOVO COLLDEFORS**, Tenente Fiscal da Fiscalía Provincial de Pontevedra

#### 19:00 H. PAUSA

#### 19:30 H. MESA DE DEBATE:

**RECURSOS ANTE A VIOLENCIA DE XÉNERO**

**D. JOSÉ RAMÓN PARADA CASTELLANOS**, Xefe do Servizo de Urgencias da Área de Xestión Integrada Pontevedra—Salnés

**DNA. PILAR LAGOS ALONSO**, Especialista en EMUME da Garda Civil

**D. ESTRELLA GONZÁLEZ GÓMEZ**, Psicóloga Clínica do Complexo Hospitalario de Pontevedra.

## SE QUERES ASISTIR...

-A matrícula é gratuíta (Prazas limitadas á capacidade da sala de 250 persoas)

-Expedirásese un certificado de asistencia.

-**INSCRIPCIÓN** . Cumprimenta o seguinte formulario e presentao na sede de CSIF Pontevedra.

Nome: \_\_\_\_\_

Apelidos: \_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

Móbil: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_

Email: \_\_\_\_\_

Centro de traballo: \_\_\_\_\_

Profesión: \_\_\_\_\_

#### CSIF PONTEVEDRA

Marqués de Riestra nº 18 - Entresuelo (E-G) 36001 Pontevedra.

Teléfono: 986896900 Fax: 986896901

Email: [pontevedra@csi-f.es](mailto:pontevedra@csi-f.es)

